

Enquisa de emprego do tempo 2002-2003

NOTAS EXPLICATIVAS

A Enquisa de emprego do tempo 2002-2003 foi realizada polo INE entre outubro de 2002 e setembro de 2003. O IGE asinou un convenio de colaboración co INE para a ampliación da mostra na Comunidade Autónoma para poder así presentar información a maior nivel de desagregación.

Trátase da primeira enquisa de ámbito nacional que se fai de maneira harmonizada coas doutros países europeos seguindo as recomendacións de EUROSTAT. É unha enquisa non periódica que recolle información sobre as actividades diarias das persoas a través da cumprimentación de diarios persoais e cuestionarios de fogar e individuais.

1. Obxectivos e utilidades

Un estudio sobre a utilización do tempo das persoas é, pola súa propia natureza, susceptible de cubrir multitude de necesidades de información.

Os obxectivos principais da “Enquisa de emprego do tempo” son os seguintes:

- Contribuír á formulación de políticas familiares e de igualdade entre xéneros, como as relativas á relación entre a división do traballo no fogar e o incremento da participación da muller no mundo laboral; conciliación das demandas do traballo remunerado e a vida familiar; o coidado dos nenos, persoas con discapacidades e enfermos crónicos.
- Contribuír á elaboración das contas económicas, en particular producindo datos básicos sobre determinados fluxos e actividades necesarios para a estimación das contas satélites do sector fogares. Tamén se pode obter información que permita establecer en qué medida, por exemplo, é importante a subestimación das horas traballadas que se produce como consecuencia da existencia de economía somerxida ou irregular e de erros de estimación da produción de bens para autoconsumo.
- Contribuír á formulación de políticas relacionadas co tempo de traballo, proporcionando datos máis fiables e de mellor calidade sobre os horarios efectivos de traballo que se observan asociados á aparición de novas formas de emprego (por exemplo o chamado teletraballo), ou debido á flexibilidade e individualización das xornadas de traballo, que cada vez se dan con máis frecuencia.
- Contribuír á formulación de políticas destinadas aos máis maiores, en concreto mediante a estimación da dimensión do traballo non de mercado desenvolvido por estas persoas e a súa integración na vida diaria.

- Subministrar datos relacionados coa finalidade dos percorridos de transporte realizados diariamente e no modo de transporte utilizado, co fin de establecer políticas xerais relacionadas co transporte de viaxeiros e o turismo.
- Por último, pódense mostrar comportamentos relacionados coa participación dos cidadáns nas actividades culturais e de ocio.

2. Ámbito de investigación

Ámbito poboacional

A poboación obxecto de investigación é a do conxunto de fogares privados que residen en vivendas familiares principais e o conxunto de persoas, membros do fogar, que conforman eses fogares.

Aínda que as persoas de todas as idades forman parte da mostra inicial (poboación obxectivo) só se investigaron exhaustivamente os membros do fogar de 10 e máis anos de idade que cumprimentaron o *diario de actividades* e o *cuestionario individual*.

Ámbito xeográfico

O ámbito xeográfico abarca todo o territorio galego.

Ámbito temporal

O traballo de campo desenvolveuse ao longo dun ano completo, desde o 7 de outubro de 2002 ata o 5 de outubro de 2003, obtendo información de todas as semanas do ano.

Períodos de referencia

Os períodos de referencia son distintos dependendo dos bloques de preguntas e do cuestionario.

- No *cuestionario do fogar* e no *individual* tomáronse como períodos de referencia a semana anterior, de luns a domingo, e as catro últimas semanas (de luns a domingo).
- No *diario de actividades* tomouse como período de referencia un día completo, é dicir, 24 horas, as que transcorreron das 6:00 da madrugada do día designado ás 6:00 da madrugada do día seguinte, divididas en períodos de 10 minutos.
- No *horario de traballo semanal* tomouse como período de referencia unha semana, facendo coincidir o sétimo día da semana co día no que se cumprimentou o *diario de actividades*.

3. Definicións e aspectos metodolóxicos

Co fin de asegurar a comparabilidade entre as diversas fontes no que se refire ás características comúns, utilizáronse as mesmas definicións que en enquisas existentes.

Vivenda familiar: considérase vivenda familiar todo cuarto ou conxunto de cuartos e as súas dependencias, que ocupan un edificio ou unha parte estruturalmente separada do mesmo e que, pola forma en que foron construídas, reconstruídas ou transformadas, están destinadas a ser habitadas por un ou varios fogares, e na data da entrevista non se utilizan totalmente para outros fins.

Inclúense tamén nesta definición:

- Os aloxamentos fixos: recintos semipermanentes ou improvisados con materiais de refugallo (latas, caixas,...) ou que non foron concibidos nin reformados para ser utilizados con fins residenciais, pero constitúen a residencia principal e habitual de un ou varios fogares (barracas, garaxes, muíños, almacéns, covas, remolques, chabolas...).
- As vivendas de carácter familiar existentes dentro de vivendas colectivas, sempre que estean destinadas ao persoal directivo, administrativo ou de servizo do establecemento colectivo.

Vivenda familiar principal: considérase vivenda familiar principal toda vivenda familiar que é utilizada como residencia habitual (a maior parte do ano) por un ou máis fogares.

Fogar: defínese o fogar como a persoa ou conxunto de persoas que ocupan en común unha vivenda familiar principal ou parte dela, e consumen e/ou comparten alimentos ou outros bens con cargo a un orzamento común.

De acordo a esta definición debe terse en conta que:

- Un fogar pode estar constituído por unha soa persoa (fogar unipersoal) ou por varias (fogar pluripersoal).
- As persoas que forman o fogar poden ou non estar unidas por vínculos de parentesco.
- Un fogar é un conxunto de persoas que ocupan en común unha vivenda familiar principal, entendéndose que dormen habitualmente na mesma. Por tanto, o conxunto de persoas que habita un establecemento colectivo (hospital, hotel, colexio maior,...), non constitúe un fogar. Sen embargo, dentro do recinto dun establecemento colectivo sí pode existir un fogar, como por exemplo sería o caso do director dunha cárcere que viva nela.
- Un fogar é un conxunto de persoas que comparten gastos, é dicir, que teñen unha economía ou orzamento común. Non se considera que formen distintos fogares as persoas que teñen unha economía parcialmente independente se comparten a maior parte dos gastos fundamentais –vivenda e/ou alimentación- cos demais membros do fogar.
- A efectos deste estudio aplícase un criterio restritivo e específico, considerándose que dentro dunha mesma vivenda residen varios fogares só no caso de que manteñan unha separación de economías entre eles –sendo autónomos respecto dos gastos relevantes- e ocupen áreas distintas e delimitadas da vivenda familiar, aínda que dispoñan dalgunha estancia común.

Membros do fogar: considéranse membros do fogar aquelas persoas que, residindo habitualmente no fogar enquisado, participan do orzamento do fogar (dependencia económica), é dicir, comparten ingresos ou gastos co resto das persoas que integran o fogar e están presentes no mesmo.

Persoa de referencia: considérase persoa de referencia aquel membro do fogar que sexa designado polo fogar como tal.

Servizo doméstico: considérase servizo doméstico a toda persoa que presta ao fogar servizos de carácter doméstico, a cambio dunha remuneración en diñeiro ou en especie, previamente estipulada (choferes, asistentas). Enténdese que o servizo doméstico é residente se leva pernoitando na vivenda máis de 45 días dos últimos tres meses ou, se non cumpre esta condición, incorpórase de forma permanente ao fogar.

Hóspede: considérase hóspede a toda persoa que, sen ter a consideración de membro do fogar, comparte alimentos co mesmo e/ou habita na vivenda achegando ao fogar unha contraprestación monetaria previamente estipulada, perseguindo en consecuencia o fogar coa súa estancia fins lucrativos.

Invitado: considérase invitado a toda persoa que, sen ter a consideración de membro do fogar, comparte alimentos co mesmo ao menos un día da semana mostral, non perseguindo o fogar coa súa estancia fins lucrativos.

Estudiante: considérase estudante a toda persoa cuxa actividade única (ou principal) consiste na adquisición dunha instrución sistemática de calquera nivel e tipo de estudio, incluíndo como tal a preparación de oposicións.

4. Unidades de análise e mostraxe

Unidades de análise

Consideráronse na enquisa tres unidades básicas de observación e análise:

- Os membros do fogar de 10 e máis anos,
- Os fogares privados que residen en vivendas familiares principais,
- Os días da semana.

Unidades de mostraxe

A unidade primaria de mostraxe é a sección censual e a unidade última de mostraxe é a vivenda familiar principal, incluíndose na mostra tódolos fogares residentes nas vivendas familiares principais seleccionadas.

Dentro da sección, á metade das vivendas asignóuselles un día de luns a xoves para cubrir o diario de actividades e á outra metade un día de venres a domingo.

Polo tanto, cada vivenda seleccionada tivo asignado un día da semana (de luns a domingo) para cumprimentar o diario de actividades.

5. Principal variable de estudo

A principal característica a investigar nesta enquisa é a actividade principal. Defínese a actividade principal como a acción principal realizada polo informante nun momento dado (a que anotou) matizada polas circunstancias ou o contexto que acompañan á acción. Toda a información necesaria para obter a actividade principal recolleuse no *diario de actividades*.

6. Deseño da mostra

Tipo de mostraxe

A mostraxe que se utiliza é bietápica estratificada. As unidades de primeira etapa son as seccións censuais, e as de segunda etapa as vivendas familiares principais. Dentro destas non se realizou submostraxe algún, e investigouse a todos os fogares que tiñan a súa residencia habitual nas mesmas. Só as persoas de 10 ou máis anos foron obxectivo da enquisa e deberon cumprimentar un cuestionario individual e o diario de actividades.

Tamaño da mostra

No total de Galicia seleccionáronse un total de 260 seccións, resultando enquisadas un total de 2.272 vivendas.

Selección da mostra

As seccións censuais seleccionáronse dentro de cada estrato con probabilidade proporcional ao seu tamaño.

As vivendas seleccionáronse, en cada sección, con igual probabilidade mediante mostraxe sistemática con arranque aleatorio.

Este procedemento conduce a mostras autoponderadas en cada estrato.

Distribución da mostra no tempo

Para cumprir cos obxectivos da enquisa de coñecer a utilización do tempo das persoas e para que todos os días do ano estiveran representados, a mostra das seccións distribuíuse uniformemente ao longo das 52 semanas que integraban o período de realización da mesma.

A cada sección asignáronse dous días, de tal forma que a metade das vivendas cumprimentaron o diario un día da semana, seleccionado de luns a xoves, e a outra metade nun día do fin de semana, seleccionado de venres a domingo. Desta maneira potenciouse a mostra no fin de semana por considerarse que nestes días hai unha maior variabilidade no comportamento da poboación. A asignación dos días á sección realizouse mediante un procedemento aleatorio.

Estimadores

Nesta enquisa utilizáronse estimadores de razón, aos que se aplicaron técnicas de reponderación, co obxecto de axustar a distribución da mostra á distribución da poboación coñecida a través de fontes externas.

As poboacións obtivéronse das proxeccións demográficas de poboación do INE.

Estimador xeral:

O estimador inicial para o total dunha característica X obtida coa submostra t, na área xeográfica G, é un estimador de razón que ten en conta a probabilidade de selección das vivendas, a corrección da falta de resposta a nivel de estrato e o axuste da poboación por estrato.

$$\hat{X}_G^{(t)} = \sum_{h \in G} \hat{X}_h^{(t)} = \sum_{h \in G} \frac{\sum_{i=1}^{n_h} \sum_{j=1}^{m_{ih}^{(t)}} X_{jih}}{\sum_{i=1}^{n_h} \sum_{j=1}^{m_{ih}^{(t)}} p_{jih}} P_h$$

sendo:

$\hat{X}_h^{(t)}$ = Estimador da característica X no estrato h, obtido coa submostra t.

P_h = Proxección de poboación referida á metade do período da enquisa no estrato h, área xeográfica G.

$m_{ih}^{(t)}$ = Total de fogares nas vivendas da submostra t na sección i, estrato h.

p_{jih} = Persoas no fogar j da sección i estrato h.

x_{jih} = Total de persoas que posúen a característica X no fogar j, sección i, estrato h.

n_h = número de seccións do estrato h.

Este estimador pódese expresar da forma:

$$\hat{X}_G^{(t)} = \sum_h \sum_i \sum_j k_{jih} x_{jih}$$

O superíndice t refírese á submostra de fogares que cumprimentaron o diario de luns a xoves (t=1), ou de venres a domingo (t=2).

O estimador final obtense encontrando un novo peso d_{jih} de tal forma que se verifique:

- a) A estimación, a partir da mostra, da poboación por grupos de idade e sexo en cada comunidade coincida coa proxección da poboación, é dicir,

$$\hat{P}_{A(es)} = \sum_{h \in A} \sum_i \sum_j d_{jih} p_{jih(es)} = P_{A(es)}$$

sendo:

$\hat{P}_{A(es)}$ = Total estimado, a partir da mostra, de persoas que pertencen ao grupo de idade e sexo (es), na comunidade A.

$P_{A(es)}$ = Proxección demográfica de poboación do grupo (es), na comunidade A.

$p_{jih(es)}$ = Total de persoas na mostra do fogar j que pertencen ao grupo de idade e sexo (es).

- b) A distancia entre k_{jih} e d_{jih} sexa mínima, segundo unha función de distancia previamente determinada.
- c) Os pesos d_{jih} sexan os mesmos para todos os membros do fogar j.

Para o axuste utilizouse o software CALMAR desenvolvido polo INSEE (Institut National de la Statistique et des Études Économiques), a oficina estatística de Francia.

A expresión final do estimador é da forma:

$$\hat{X}_G^{(t)} = \sum_j d_j x_j$$

onde o \sum_j esténdese ao ámbito ao que se refire a estimación, fogares ou persoas, x_j é unha variable que toma o valor 1 ou 0 segundo o fogar ou persoa posúa ou non a característica investigada, e d_j é o peso ou factor de elevación.

As estimacións da enquisa obtivéronse como media das obtidas con cada unha das submostras.

Estimación de características de persoas relacionadas coa actividade diaria

Esta actividade recóllese a través do diario de actividades que cumprimentaron soamente as persoas de 10 e máis anos.

Debido a existencia de falta de resposta aos diarios, e polo tanto ao cuestionario individual, para estimar estas características é necesario corrixir o factor d_j obtido no estimador xeral. Esta falta de resposta corríxese a nivel de estrato, idade e sexo.

A expresión do estimador neste caso é a seguinte:

$$\hat{X}_G^{(t)} = \sum_{h \in G} \sum_{(es)} \sum_{j^* \in h(es)} d_j F_{h(es)}^{(t)} X_j = \sum_{h \in G} \sum_{(es)} \sum_{j^* \in h(es)} d'_j X_j$$

sendo $d'_j = d_j \cdot F_{h(es)}^{(t)}$

$F_{h(es)}^{(t)}$ = Factor de axuste obtido mediante a expresión:

$$F_{h(es)}^{(t)} = \frac{\hat{P}_{h(es)}^{(t)}}{\hat{P}_{h(es)}^{*(t)}} = \frac{\sum_{j \in h(es)} d_j}{\sum_{j^* \in h(es)} d_j}$$

$\hat{P}_{h(es)}^{(t)}$ e $\hat{P}_{h(es)}^{*(t)}$ son as poboacións estimadas con todas as persoas e coa mostra de persoas que cumprimentaron o diario de actividades do grupo $h(es)$, respectivamente, na submostra t .

$\sum_{j \in h(es)}$ é un sumatorio estendido a todas as persoas do grupo $h(es)$ da submostra t .

$\sum_{j^* \in h(es)}$ é un sumatorio estendido só as persoas da submostra t e do grupo $h(es)$ que cumprimentaron o diario de actividades.

X_j toma o valor 1 ou 0 segundo a persoa j que pertence ao grupo $h(es)$, que cumprimentou o diario de actividades, posúa ou non a característica obxecto de estudio.

A partir deste estimador obtéñense os seguintes:

Porcentaxe diaria de persoas que realizan a actividade C coa característica K

$$\hat{P}_{k,c} = \frac{\hat{P}_{k,c}}{P}$$

onde

$$\hat{P}_{k,c} = \frac{4 \cdot \hat{P}_{k,c}^{(1)} + 3 \cdot \hat{P}_{k,c}^{(2)}}{7} \quad \hat{P}_{k,c}^{(t)} = \sum_{j^*} d'_j X_j$$

x_j toma o valor 1 se o individuo coa característica K realiza a actividade C e 0 no caso contrario.

\sum_{j^*} esténdese a todas as persoas da submostra t que cumprimentaron o diario de actividades.

P é a proxección de poboación.

Duración media diaria dedicada á actividade C polas persoas que teñen a característica K

$$\hat{T}_{k,c} = \frac{\hat{T}_{k,c}}{\hat{P}_{k,c}}$$

sendo:

$$\hat{T}_{k,c} = \frac{4 \cdot \hat{T}_{k,c}^{(1)} + 3 \cdot \hat{T}_{k,c}^{(2)}}{7} \quad \hat{T}_{k,c}^{(t)} = \sum_{j^*} d'_{j^* t_{jkc}}$$

$\hat{T}_{k,c}$ é a estimación do tempo total que cada día dedican as persoas coa característica K á actividade C.

$\hat{T}_{k,c}^{(t)}$ é a estimación do tempo total que dedican as persoas coa característica K á actividade C da submostra t.

t_{jkc} é o tempo dedicado polo individuo j, que posúe a característica K, á actividade C.

Distribución de actividades nun día promedio nun colectivo K

Obtense como cociente entre o tempo dedicado á actividade polas persoas do colectivo e o total de tempo dispoñible por esas persoas.

$$\hat{D}_{k,c} = \frac{\hat{T}_{k,c}}{P_k \cdot 1440}$$

onde \hat{P}_k é o total estimado de persoas que pertencen ao colectivo K.

$$\hat{P}_k = \frac{4 \cdot \hat{P}_k^{(1)} + 3 \cdot \hat{P}_k^{(2)}}{7}$$

7. Recollida da información

Método de recollida

A recollida realizouse desde o 7 de outubro de 2002 ata o 5 de outubro de 2003, obténdose información de todas as semanas do ano.

Dadas as características da información que se solicitaba na enquisa, a recollida realizouse mediante enquisadores que visitaron os fogares recollendo a información en entrevistas persoais, ou deixando que os informantes autocumprimentaran os cuestionarios.

Cuestionarios

Utilizáronse catro instrumentos principais de recollida de información:

- 1) Cuestionario do fogar.
- 2) Cuestionario individual.
- 3) Diario de actividades (por persoa e día).
- 4) Horario de traballo semanal (para informantes ocupados, incluído no diario de actividades).

O **diario de actividades** é o instrumento máis característico da enquisa. Todos os membros do fogar de 10 e máis anos debían cumprimentalo para o día seleccionado. A parrilla de tempo do diario ocupa 24 horas consecutivas (desde as 6:00 da madrugada do día designado ata as 6:00 do día seguinte) e divídese en intervalos de 10 minutos, en cada un deles o informante anota a actividade principal, a actividade secundaria que realiza ao mesmo tempo (no seu caso) e se en ese momento se encontra en presenza doutras persoas coñecidas. Cada diario contén preguntas complementarias que informan sobre circunstancias relevantes que inflúen nas actividades contidas no mesmo.

Co fin de obter información sobre períodos efectivos de traballo deseñouse o **horario de traballo semanal**, constituído por unha páxina, agregada ao diario de actividades, na que os informantes ocupados (de 16 e máis anos) marcaron o seu horario de traballo efectivo na semana de referencia (a semana que termina no día designado para a cumprimentación do diario). A tal efecto, presentouse unha parrilla de 24 horas por sete días con intervalos de 15 minutos.

A **lista de actividades** é un dos elementos fundamentais nas enquisas de emprego do tempo. É unha adaptación ao marco español da lista de actividades harmonizada proposta por EUROSTAT nas directrices de setembro de 2000.

No sistema de códigos da lista de actividades harmonizada española propóñense catro dimensións en relación co que sucede en cada período de tempo definido no diario de actividades (10 minutos neste caso): a actividade principal, ou qué realiza o informante principalmente no período en cuestión; a actividade secundaria, ou qué realiza o informante de forma simultánea no período de tempo considerado, se é que realiza máis dunha actividade; en compañía de quen se realiza a actividade e o lugar ou onde se desenvolve a actividade.

8. Presentación de resultados

O IGE presenta na súa páxina web información sobre a porcentaxe de persoas que realizan unha actividade no transcurso do día, o promedio de tempo diario (en horas e minutos) dedicado a unha actividade polas persoas que a realizan e a distribución de actividades nun día promedio por tipo de día (laborable ou de fin de semana).

Estes indicadores preséntanse desagregados segundo diversas variables relacionadas coas persoas como sexo, idade e día da semana.

A nivel provincial, as táboas proporcionan información sobre os 10 grandes grupos nos que se subdivide a actividade principal. Para o total da Comunidade Autónoma tamén se presentan os indicadores para as 32 actividades principais obtidas pola clasificación da actividade principal a dous díxitos.

Lista de actividades da Enquisa de emprego do tempo 2002-2003

0 COIDADOS PERSOAIS

01 Durmir

02 Comidas e bebidas

03 Outros coidados persoais

1 TRABALLO

11 Traballo principal

12 Traballo secundario

13 Actividades relacionadas co traballo

2 ESTUDOS

21 Da escola á universidade

22 Estudos durante o tempo libre

3 FOGAR E FAMILIA

31 Actividades culinarias

32 Mantemento do fogar

33 Confección e coidado da roupa

34 Xardinería e coidado dos animais

35 Construción e reparacións

36 Compras e servizos

37 Xestións do fogar

38 Coidado dos nenos

39 Axudas a adultos membros do fogar

4 TRABALLO VOLUNTARIO E REUNIÓNS

41 Traballo ao servizo dunha organización

42 Axudas informais a outros fogares

43 Actividades participativas

5 VIDA SOCIAL E DIVERSIÓN

51 Vida social

52 Diversión e cultura

53 Ocio pasivo

6 DEPORTES E ACTIVIDADES AO AIRE LIBRE

61 Exercicio físico

62 Exercicio produtivo

63 Actividades relacionadas co deporte

7 AFECCIÓNS E XOGOS

71 Afeccións artísticas

72 Afeccións

73 Xogos

8 MEDIOS DE COMUNICACIÓN

81 Lectura

82 Televisión e vídeo

83 Radio e música

9 TRAXECTOS E EMPREGO DO TEMPO NON ESPECIFICADO